



## JESÚS CARRASCO


Xoves 25 de marzo, 20:00 h  
Fundación Luis Seoane

A publicación de **Intemperie** (Seix Barral, 2013), a primeira novela de Jesús Carrasco (Olivenza, Badajoz, 1972), foi un dos debuts máis deslumbrantes do panorama literario internacional, que obtivo galardóns como o Premio Libro do Ano do Gremio de Libreiros de Madrid; o de Cultura, Arte e Literatura da Fundación de Estudos Rurais; o English PEN Award e o Prix Ulysse á Mellor Primeira Novela. Elixida Libro do Ano por El País en 2013 e seleccionada no 2014 polo Independent como un dos mellores libros traducidos no Reino Unido, **Intemperie** foi traducida a vinteoito linguas, e será adaptada ao cine por Benito Zambrano. A súa segunda novela, **La tierra que pisamos** (Seix Barral, 2016) foi galardoada co Premio de Literatura da Unión Europea.

### LLÉVAME A CASA (Seix Barral, 2021)

Juan conseguiu independizarse lonxe do seu país cando se ve obrigado a regresar ao seu pobo natal por mor do falecemento do seu pai. A súa intención é retomar a súa vida en Edimburgo canto antes, pero a súa irmá dalle unha noticia que cambia os seus plans para sempre. Deste xeito, atoparase no mesmo lugar do que decidira escapar; ao coidado dunha nai á que apenas coñece e coa que sente que só ten unha cousa en común: o vello Renault 4 da familia.

Esta é unha novela que reflicte de maneira brillante o conflito de dúas xeracións, a que loitou por saír adiante para transmitir un legado, e a dos seus fillos, que necesitan afastarse na busca do seu propio lugar no mundo. Nesta historia de aprendizaxe, Jesús Carrasco trae de novo personaxes formidables sometidos a decisións fundamentais cando a vida os pon contra as cordas.



Somos o que  
**LEAMOS**  
Encontros coa literatura contemporánea  
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

Entrada gratuíta. Aforo limitado, previa reserva no teléfono 981 216 015